

10 Relacións internacionais e cooperación

Á marxe das accións no eido de cooperación, a internacionalización da UDC é a principal misión da Vicerreitoría de Relacións Internacionais e Cooperación. Preténdese traballar nestes puntos estratéxicos:

- Promoción da UDC no eido internacional
- Maior e mellor mobilidade internacional dos estudantes, profesores e PAS
- Captación de estudantes internacionais
- Medidas de internacionalización na casa

A internacionalización da UDC esixe estar presentes en feiras, workshops e eventos internacionais de universidades. Feiras de posgrao (Lisboa e Colombia) e eventos como NAFSA e EAIE, foros en que participamos, xa como UDC, xa dentro do consorcio Universities of Galicia. De igual xeito, mellorouse a visibilidade e a información. Modificáronse a web da ORI e a de internacionalización da UDC, deseñadas para os estudantes ou usuarios estranxeiros. Creouse a bitácora <http://uptodateinternacional.udc.es/>

Ampliouse e renovouse a oferta de convenios do programa Erasmus, con máis destinos para alumnado e profesorado no programa LLP e tamén con programas Erasmus intensivos (IP). Respondendo moitas veces a iniciativas de grupos de investigación, de centros e de docentes concretos, ampliouse o número de convenios marco e asináronse convenios específicos. Cómpre salientar o asinado coa Universidade de Magdeburgo, para implantar un mestrado internacional conxunto de Enxeñaría da Auga, outro coas universidades de Regensburg e Clermont-Ferrand, para a continuidade do Programa Iacobus e o asinado coa Universidade Paris-Diderot para o mestrado de Materiais Complexos.

En xeral, como se pode ver nas gráficas, en todas as modalidades de convocatorias de mobilidade Eras-

mus acadáronse mellores taxas que no curso anterior. Destaca, especialmente, o incremento en prácticas Erasmus e a mobilidade PDI e PAS. Malia a crise, seguimos a promover bolsas propias de mobilidade para alumnos iberoamericanos de mestrados.

A decidida intención de fomentar a internacionalización da UDC é o obxectivo da convocatoria de axudas dirixidas a cooperar na extensión e/ou consolidación de redes de colaboración internacional xa existentes. A participación da UDC en programas internacionais especiais incide tamén na idea de mellorar a calidade e o volume da mobilidade. En 2012 preparamos, avalamos e solicitamos desde a Vicerreitoría e desde a Oficina de Relacións Internacionais (ORI) numerosos programas especiais. A participación en programas xerais (Leonardo; Ciencias sin fronteras...) xestiónase directamente desde a Vicerreitoría ou desde a ORI. Nos programas sectoriais ou dependentes de grupos ou centros (IP, Grundtvigs, Erasmus mundus...), é fundamental a colaboración dos docentes e investigadores. Por iso este ano intensificamos o labor de promoción e información.

Estamos a poñer especial énfase na toma de conciencia da UDC sobre a empregabilidade internacional dos nosos titulados ou estudantes a través da xestión de proxectos de prácticas internacionais, como o Leonardo da Vinci (única universidade do SUG que o ten adxudicado) e os Erasmus Prácticas, e a participación en redes de prácticas internacionais (Universia, etc...).

Para facilitar estes obxectivos, contra o final do ano promoveuse un novo regulamento de mobilidade internacional, aprobado polo Consello de Goberno do 20 de decembro.

A política de captación de estudantes internacionais desenvólvese a través da sinatura dos convenios con

universidades estranxeiras, coa participación en programas internacionais de mobilidade académica. Un exemplo: o Goberno de Brasil incorporou a UDC ao seu programa “Ciencias sen fronteiras”, mediante o cal medio cento de estudantes de grao daquel país se incorporaron a dez titulacións dos campus da Coruña e de Ferrol.

Outra liña importante para fomentar a captación de estudantes internacionais é o fomento da docencia en inglés mediante programas específicos nas escolas.

Desde o punto de vista da internacionalización en casa, a posta en marcha do programa de docencia en inglés é básica, xa que dá a oportunidade aos estudantes da UDC de completar a súa formación lingüís-

tica e a adquirir competencias en inglés a través da aprendizaxe integrada de contidos e lingua.

Canto ao voluntariado, mantéñense activos todos os programas de voluntariado existentes nos diferentes eidos (infancia, mulleres, persoas con discapacidade, persoas sen fogar, poboación xitana ...) e os cursos de formación do voluntariado.

No eido da cooperación ao desenvolvemento, séguese a incentivar a participación en campañas de sensibilización xunto con outras ONG. Cómpre salientar a participación da Oficina de Cooperación e Voluntariado nun Erasmus Mundus, acción 3 (como colaboradores), coas universidades de York e de Porto (Enhancing studies and practice of social economy&social capital in higher education).

Normativa de mobilidade internacional

O 20 de decembro de 2012 o Consello de Goberno aprobou o novo Regulamento da Universidade da Coruña sobre mobilidade internacional de estudantes. Con esta nova norma preténdese:

- A adecuación definitiva ao novo espazo EEES e á nova ordenación académica de grao, mestrado e doutoramento.
- A incorporación de todos os coordinadores de relacións internacionais aos equipos de dirección dos centros.
- A incorporación ao regulamento de figuras (como o estudante de prácticas) que apenas tiñan regulación ata o momento.

- A elevación do coñecemento dos idiomas da universidade de destino a requisito (e non simple mérito) para acceder ás prazas de mobilidade.
- A recomendación do B1 para os estudantes entrantes, salvo nos casos de Erasmus prácticas onde é obrigatorio.
- A simplificación e unificación do sistema de asignación de prazas de mobilidade.
- A limitación das estadías de mobilidade internacional por titulación realizada, e non por vida académica, o que lles permitirá a todos os estudantes seguir beneficiándose da posibilidade de estadías internacionais nos segundos ou terceiros graos que poidan cursar.

Docencia en inglés

En colaboración coa Vicerreitoría de Profesorado activouse este ano o programa de promoción e incenti-

vación da docencia en inglés nalgunhas titulacións da UDC. Os incentivos máis importantes son: 25 horas

de redución de docencia, sistema de apoio da docencia en inglés, obradoiros específicos no CUFIE e preferencia para as axudas dos STA.

Un dos obxectivos fundamentais do programa de docencia en inglés persegue ampliar a oferta docente para o alumnado que visite a nosa universidade –que segue a demandar docencia en inglés- e incrementar así as cifras de mobilidade. Por outra banda, mellóranse sensiblemente as posibilidades de establecer dobres ou múltiples titulacións, como foi o caso dos dous mes-

trados internacionais que se desenvolveron en 2012: mestrado da Auga e mestrado de Materiais Complexos.

Na web de internacionalización poden verse as facultades e escolas que contan con programas de docencia en inglés. Algúns deles xa se puxeron en marcha no curso 2012-2013 e outros o farán no 2013-2014. Son as seguintes: Facultade de Ciencias, ETS de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos, Escola Politécnica Superior, Facultade de Economía e Empresa, Facultade de Filoloxía e ETS de Náutica e Máquinas.

Convenios internacionais

Ao longo de 2012 a Universidade da Coruña ampliou ou asinou un total de 174 convenios. Deste xeito, a 31

de decembro estaban activos un total de **545** convenios internacionais.

Novos convenios ou ampliacións do Erasmus	111
Non pertencentes ao programa Erasmus	63
Total	174

Cadro 177 **Convenios internacionais de nova sinatura**

Mobilidade de estudantes

Programa	Saíntes	Entrantes
ANUIES-CRUE	9	15
Bilateral SM	42	51
Erasmus estudos	458	257
EU Articulation Scheme	3	
Programa visitantes / libre mobilidade	12	10
CAPES		4
MAEC-AECID		5
Erasmus Prácticas	14	3
Ciencia sen Fronteiras		43
Programa Mestrado Iberoamérica		9
Total	538	397
Mobilidade total	935	

Cadro 178 **Mobilidade internacional do estudiantado en 2011-2012**

País	Alumnos/as
Italia	102
Polonia	43
Brasil	85
Francia	33
México	22
Alemaña	15
Romanía	10
EE UU	9
Portugal	9
República Checa	6
Austria	5
Eslovaquia	5
Hungría	5
Chile	4
Chipre	4
Irlanda	4
Reino Unido	4
Bélxica	3
Eslovenia	3
Letonia	3
Rusia	3
Bulgaria	2
Lituania	2
Arxentina	1
China	1
Dinamarca	1
Honduras	1
Países Baixos	1
Finlandia	1
Uruguai	1
Total	388

Cadro 179 Estudantes entrantes na UDC por países de procedencia en 2011-2012

Centro	Alumnos/as
Facultade de Filoloxía	71
Facultade de Economía e Empresa	66
Escola Técnica Superior de Arquitectura	50
Facultade de Dereito	39
Facultade de Socioloxía	26
Escola Universitaria de Turismo	14
Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física	13
Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños	14
Facultade de Ciencias da Comunicación	10
Facultade de Ciencias	18
Escola Politécnica Superior	18
Facultade de Humanidades e Documentación	5
Escola Universitaria de Arquitectura Técnica	4
Facultade de Ciencias da Educación	4
Escola Universitaria de Deseño Industrial	3
Facultade de Fisioterapia	8
Facultade de Informática	8
Facultade de Ciencias da Saúde	6
Escola Universitaria de Enfermería	2
Escola Universitaria Politécnica	2
Facultade de Enfermaría e Podoloxía	3
Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas	4
Total	388

Cadro 180 Centro de destino do estudantado entrante en 2011-2012




País	Alumnos/as
Italia	133
Portugal	73
Polonia	55
Francia	43
Alemaña	37
Brasil	30
Reino Unido	19
Bélxica	16
Romania	13
Chipre	12
Dinamarca	12
Noruega	12
México	12
Austria	9
Irlanda	8
Finlandia	7
Chile	6
Hungría	6
República Checa	6
Suecia	6
Eslovaquia	5
Argentina	3
Cuba	3
Eslovenia	3
EE UU	2
Países Baixos	2
Turquía	2
Estonia	1
Letonia	1
Lituania	1
Uruguai	1
Total	538

Cadro 181 Países de destino do estudantado saínte en 2011-2012


Centro	Alumnos/as
Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños	75
Facultade de Economía e Empresa	67
Escola Técnica Superior de Arquitectura	66
Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física	58
Facultade de Dereito	42
Facultade de Informática	34
Escola Universitaria de Arquitectura Técnica	25
Facultade de Ciencias da Educación	26
Facultade de Dereito e Fac. de Economía (titulación simultánea)	21
Facultade de Filoloxía	19
Facultade de Socioloxía	17
Facultade de Ciencias	17
Escola Politécnica Superior	14
Escola Universitaria Politécnica	13
Facultade de Ciencias da Comunicación	15
Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas	9
Escola Universitaria de Turismo	6
Escola Universitaria de Relacións Laborais	4
Facultade de Humanidades e Documentación	3
Escola Universitaria de Deseño Industrial	5
Escola Universitaria de Enfermería	2
Total	538

Cadro 182 **Estudiantes saíntes en 2011-2012 por centro**

Programas europeos




Cadro 183 Evolución da mobilidade de estudantes. Erasmus saíntes




Cadro 184 Evolución da mobilidade de estudantes. Erasmus entrantes

Programas bilaterais



Cadro 185 Evolución da mobilidade de estudantes saíntes por convenios bilaterais



Cadro 186 Evolución da mobilidade de estudantes entrantes por convenios bilaterais

Programa “Ciencia sen Fronteiras”

A UDC participou no programa de mobilidade internacional do Ministerio de Educación, Cultura e Deportes de Brasil *Ciencia sen Fronteiras*, centrado na ciencia, na tecnoloxía e na innovación, para

a acollida (nesta primeira fase) de estudantes de grao brasileiros no curso 2012-2013.

En 2012 incorporáronse un total de 43 estudantes deste programa a diferentes centros:

Titulación	Alumnos/as
Arquitectura Naval	5
Bioloxía	4
Enfermaría (Ferrol)	3
Fisioterapia	5
Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	4
Enxeñaría Informática	5
Enxeñaría Mariña	4
Química	5
Tecnoloxía da Enxeñaría Civil	4
Terapia Ocupacional	4
Total	43

Cadro 187 Alumnado do programa “Ciencia sen Fronteiras” por centro

Programas especiais de mobilidade

- Programa Erasmus Mundus Tempo. Trátase dun consorcio de 21 universidades europeas que ten como obxectivo promover o intercambio de coñecemento transeuropeo entre as distintas institucións en áreas de coñecemento relacionadas co desenvolvemento sustentable: Arquitectura, Química, Bioloxía, Enxeñaría Química, Ciencias Medioambientais e Administración e Dirección de Empresas.
- Desenvolvéronse dous Erasmus Intensive Programmes. Un co Vilnius Cooperative College, a que asistiron catro estudantes e un profesor e o outro co Vilniaus Kolegija (University of applied Sciences, Viko) con asistencia de cinco alumnos e un profesor.
- Programa Iacobus, desenvolvido na ETS de Arquitectura coas universidades de Regensburg e Clermont-Ferrand. Neste programa participaron o ano pasado 33 alumnos franceses, 10 alemáns e 25 españois, así como tres profesores franceses, unha alemá e sete españois.
- A UDC obtivo unha subvención para o programa de prácticas internacionais Leonardo da Vinci no curso 2012-2013 para un total de 50 prazas. Os titulados e tituladas da UDC seleccionados para este programa desenvolven as súas prácticas nos seguintes países: Alemaña, Irlanda, Polonia, Chequia e Italia.

Programas de acollida

O programa de acollida a estudantes de intercambio é un programa xestionado pola Oficina de Relacións Internacionais coa finalidade de apoiar os estudantes internacionais.

Ano	Estudantes
2010	42
2011	91
2012	92

Cadro 188 Estudantes participantes nos programas de acollida


Mobilidade do profesorado

Programa	Saíntes	Entrantes
Axudas á internacionalización	8	3
Erasmus con fins docentes (STA)	30	16
Erasmus con fins de formación (STT-PDI)	5	0
Erasmus con fins de formación (STT-PAS)	12	18
Organización da Mobilidade Erasmus	1	1
Total	56	38
Mobilidade total	94	


Cadro 189 Mobilidade do PDI en 2011-2012

	Saíntes	Entrantes	Total
2010-2011	60	30	90
2011-2012	56	38	94


Cadro 190 Evolución da mobilidade do PDI



Cadro 191 Evolución do Erasmus STT de formación para PDI. Saíntes



Cadro 192 Evolución dos PDI Erasmus STA saíntes



Cadro 193 Evolución dos PDI Erasmus STA entrantes

Outras estadías de profesorado

N.º de estadías	Organismo de procedencia	País de orixe	Duración
Mestrado Universitario en Enxeñaría de Sistema Informáticos			
1	Instituto Cajal	España	1 semana
1	University of Houston	EE UU	1 semana
Mestrado Universitario en Asesoramento Xurídico Empresarial			
1	Universidade do Minho	Portugal	1 semana
2	Universidad de Zaragoza	España	2 semanas
1	Tribunal de Xustiza da Unión Europea	Luxemburgo	1 semana
1	Max-Planck-Institut für ausländisches und internationales Strafrecht	Alemaña	1 semana
Mestrado Universitario en Migracións Internacionais, Investigación, Políticas Migratorias e Mediación Intercultural			
1	CIDALIA. Consultoría en Diversidad	España	1 semana
1	Fundació Desenvolupament Comunitari	España	1 semana
1	Universidade de Lisboa	Portugal	1 semana
1	Université de Poitiers	Francia	1 semana
1	University of California, Berkeley	EE UU	1 semana
Mestrado Universitario en Urbanismo: Planes e Proxectos. Do Territorio á Cidade			
1	Politecnico di Milano	Italia	1 semana


Cadro 194 Estadías na UDC de profesorado visitante con financiamento do Ministerio de Educación en 2011-2012

Proxectos de cooperación iberoamericana


Ano	Solicitudes	Novos proxectos
2011	13	4
2012	9	3

Cadro 195 Proxectos de Cooperación Iberoamericana

Mobilidade do PAS



Cadro 196 Evolución dos Erasmus STT de formación para PAS. Entrantes



Cadro 197 Evolución dos Erasmus STT de formación para PAS. Saíntes

Centro de Linguas

Durante 2012 o número de matriculados foi de 3.402, o que supón un incremento dun 31% con respecto ao ano anterior. Este considerable incremento, a pesar da difícil situación económica pola que atravesamos, constitúe un bo indicador da consolidación do Centro de Linguas nesta Universidade e nesta cidade como espazo dedicado ao ensino-aprendizaxe de linguas. Tamén responde en parte a circunstancias especiais deste ano, relacionadas cos requisitos de acreditación de nivel, que provocaron unha demanda de certos cursos maior da habitual.

Xunto cos cursos de linguas estranxeiras e os cursos de español e de galego para estranxeiros, durante 2012 organizouse, en colaboración co Centro de Formación de Profesorado do Instituto Cervantes, un curso intensivo (25 horas) de ensino de linguas: *Introdución ao ensino de linguas estranxeiras*. Este curso impartíuse na Facultade de Filoloxía durante a terceira semana do mes de xullo. Igual que en edicións anteriores, encargáronse da dirección e da coordinación deste curso o director e a secretaria académica do Centro de Linguas respectivamente, e da súa impartición, os profesores Ernesto Martín Peris (Universitat Pompeu Fabra) e Carme Arbonés (Universitat de Barcelona).

Os 40 asistentes a este curso foron fundamentalmente licenciados en Filoloxía, estudantes de segundo ciclo que desexaban iniciar a súa formación como profesores de linguas segundas ou estranxeiras e profesores de linguas estranxeiras incluído o español.


Así mesmo, en novembro realizouse un obradoiro con motivo da posta en marcha da certificación ACLES. Este obradoiro, titulado “Las pruebas orales dentro del Marco Europeo Común de Referencia para las Lenguas”, foi impartido polo profesor Michael Harris.

Este ano o Centro de Linguas da Universidade da Coruña recibiu o aval para expedir certificados de exame de dominio, segundo o modelo ACLES, para o nivel B1 de inglés durante os anos 2012 e 2013. ACLES é o acrónimo da “Asociación de Centros de Linguas en la Enseñanza Superior”, cuxa finalidade é a promoción da aprendizaxe e difusión de distintas linguas no ensino superior. A maioría das universidades españolas forman parte de ACLES, e a UDC tamén. Esta asociación, á súa vez, é membro de CERCLES, a “Confédération Européenne des Centres de Langues de l’Enseignement Supérieur”, unha entidade fundada en 1991, da que forman parte asociacións de 21 países europeos que representan a uns trescentos centros de ensino superior cuxa misión principal é o ensino de linguas.


O Centro de Linguas tamén é unha das sedes en que se pode realizar o exame IELTS (International English Language Testing System), un sistema que incorpora as tendencias máis recentes en avaliación lingüística, froito da colaboración entre Cambridge ESOL, British Council e IDP-Education -IELTS Australia.

Curso	Alumnado	Incremento
2008-2009	1.846	+ 4,4 %
2009-2010	2.595	+ 19 %
2010-2011	2.595	+ 25,7 %
2011-2012	3.402	+ 31 %

Cadro 198 Evolución da matrícula global no Centro de Linguas



Cadro 199 Estudantes matriculados no Centro de Linguas en 2011-2012



Cadro 200 Estudantes de linguas estranxeiras en 2011-2012 por campus

Cooperación e voluntariado

A Oficina de Cooperación e Voluntariado organiza as súas actividades en catro áreas de actuación: cooperación, voluntariado, sensibilización e formación.

Cooperación

A Universidade da Coruña participou en campañas de sensibilización conxuntamente con outras ONG e desenvolveu diferentes actuacións propias. Unha das máis salientables foi a convocatoria da sexta edición dos Proxectos de Coñecemento da Realidade, iniciada a través da cal o alumnado opta a realizar estadias dun a tres meses en países en desenvolvemento. Na convocatoria de 2012 participaron dez estudantes.

Realizouse tamén a primeira convocatoria dos Proxectos de Coñecemento en Cooperación, a través da cal o PDI e o PAS poden realizar estadias ate un máximo dun mes en países en vías de desenvolvemento. Nesta primeira convocatoria participaron 4 PAS e 2 PDI.

Iniciouse a colaboración coa Deputación da Coruña para a participación da Universidade no Proxecto Europeo Volwe, que pretende analizar en diferentes países da Unión Europea a relación entre a Administración e as Entidades de Voluntariado.

Así mesmo, a UDC participa como socia colaboradora do proxecto Erasmus Mundus "Consolidando os Estudos e Práctica sobre Economía Social e Capital Social en Educación Superior", coordinado pola Universidade de York.

Voluntariado

A Oficina de Cooperación e Voluntariado mantén abertos varios programas cos que se canaliza a colaboración dos membros da comunidade universitaria que queren tomar parte activa en tarefas solidarias. Os programas máis importantes son os que se desenvolven no Centro de Acolida de Menores de Bañobre e no centro penal de Teixeiro, nos hospitais Onco-

lórico Rexional, no Materno Infantil Teresa Herrera, en asentamentos chabolistas como os das Rañas e do Portiño, no hospital Arquitecto Marcide de Ferrol, así como os programas de dinamización e colaboración co Centro de Atención ao Minusválido Físico e coa Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer de Ferrolterra. En 2012 iniciáronse novos proxectos de voluntariado, como foi o caso da colaboración co Centro de Acolida de homes sen Teito Sor Eusebia, na Coruña, ou o programa de apoio escolar con menores en risco de exclusión social coa asociación Raminhau, en Ferrol.

Sensibilización


Como todos os anos, a OCV participou en campañas de sensibilización en colaboración con distintas ONGD da cidade, como foi o caso de Solidariedade Internacional para a promoción do comercio xusto ou con Enxeñería sen Fronteiras para a organización dunhas charlas introdutorias á cooperación para o desenvolvemento.

A OCV puxo en marcha un proxecto de sensibilización da comunidade universitaria que concibe unha educación para o cambio global, potenciando a participación activa do voluntariado universitario, que asume o seu protagonismo na transformación social.


Apostouse por unha campaña con formato de videoxogo para a difusión da OCV entre o estudantado da UDC e promover a súa participación, publicitándoa tanto nas pantallas LCD da Universidade coma nos autobuses urbanos.

Formación

Ao longo de 2012 realizáronse cursos de preparación de voluntariado, habilidades sociais e de comunicación e xornadas de sensibilización sobre a poboación sen teito da cidade, sobre inmigración e multiculturalidade ou sobre a cooperación ao desenvolvemento.



Cadro 201 Voluntariado por proxecto no campus da Coruña



Cadro 202 Voluntariado por proxecto no campus de Ferrol